

# PLAN DE CONTINXENCIA

## CEIP SANTIAGO DE OLIVEIRA

O Plan de Continxencia do CEIP Santiago de Oliveira ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

ACTUALIZADO SEGÚN PROTOCOLO 1/10/21

### ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO

1. **Non asistirán ao centro** aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan **síntomas compatibles con COVID-19**, así como aqueles as que así lle lo indique a CSC de acordo co Protocolo de Vixilancia e Control Epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-2 (COVID-19) no ámbito educativo non universitario de Galicia.

2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro que se detalla a continuación:

- Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle ao espazo de illamento de Covid ata a recollida por parte da familia. Esta dispón de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Avisarase á persoa responsable do equipo da Covid19 no centro educativo ( se non se atopa nese momento, avisarase a outro integrante do equipo) e os familiares ou titores legais.
- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso levará o material de protección adecuado:
  - máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
  - De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Se non houberse dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa do equipo Covid do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou

noutro lugar interior coa ventilación adecuada. O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na Covid-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCovid, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguiranse as recomendacións da CSC e, no caso de gromos, da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que no centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. **A autoridade sanitaria**, en coordinación coa Consellería de Educación **determinará** en cada caso o **número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena** o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. **A autoridade sanitaria**, en función do número de contaxios, **poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.**

9. **A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación** é un suposto de declaración obrigatoria.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo, na resolución que se dite aos efectos do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 así como para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 para o desenvolvemento

de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia.

## **ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

- O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a mestre/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

- O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

- Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

- Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes **MEDIDAS**:

a) Manter o contacto permanente co profesorado, alumnado e as súas familias tanto para coñecer a evolución do estado da súa saúde como para continuar co ensino a distancia.

Esto farase vía telefónica, por correo electrónico, Aula virtual, Abalar Móbil, videoconferencia ou calquera outro medio telemático a disposición das familias e do profesorado, **empregando preferentemente os medios corporativos** que ofrece a Consellería.

b) Actualizar a aula virtual para garantir a continuidade do proceso de ensino-aprendizaxe.

c) Para o alumnado dende 4º de E. Infantil ata 6º de E. Primaria recibirán as clases de forma telemática seguindo o horario descrito no **Anexo I**.

Se realizará un traballo dende a casa prestando especial atención á situación afectiva do alumnado priorizando o **seu estado emocional**. Os/As titores/as e especialistas atenderán as consultas, dúbidas ou preguntas das familias nas sesións propostas para tal efecto.

Prestarase especial atención á **evolución persoal individual do alumnado e do**

**grupo**, podendo alterar os contidos curriculares se é preciso. Moi importante ter en conta os ritmos do alumnado e a dispoñibilidade das familias, polo que se poderán adaptar as medidas segundo a evolución do alumnado ou da clase.

Establécense medidas **máis flexibles para Infantil e os dous primeiros cursos de primaria**, dado que a idade do alumnado o require. Así a organización será a seguinte:

Respetarase a metodoloxía que se desenvolve na actividade presencial. Os/As titores/as realizarán propostas todos os días da semana (docencia virtual), adaptadas aos diferentes ritmos e momentos evolutivos do alumnado. O profesorado especialista fará unha proposta semanal.

Para os cursos de **3º, 4º, 5º e 6º de E. Primaria**, a organización da xornada lectiva será a seguinte:

Aparece sinalado no horario un tempo de docencia virtual (60% da sesión de cada materia) tanto por parte dos titores/as como dos especialistas, na que se presentarán novos contidos, resolveranse dúbidas, corríxiranse exercicios de forma conxunta e outro tipo de actividades onde participe o alumnado conxuntamente como xogos didácticos, lecturas...

O tempo restante corresponderá cos momentos no que o alumnado realizará as tarefas de forma individual (40% da sesión de cada materia).

Dende o **Departamento de orientación** faranse os axustes pertinentes para garantir en todo momento a atención á diversidade, facendo especial fincapé no alumnado con NEAE e facilitando aos diferentes equipos docentes os recursos e o asesoramento necesario.

Dadas as características que definen a atención por parte das mestras especialistas de PT e AL non é posible facer unha previsión de horario con total exactitude, polo que o D. de Orientación unha vez que se confirme a situación non presencial organizará os horarios en coordinación cos equipos docentes e coas familias. Para a súa organización terase en conta o horario xeral do alumnado, intentando facer unha organización paralela que distorsione o mínimo posible o seguimento do resto das sesións diarias. Esta proposta será trasladada á dirección do centro e será supervisada pola xefatura de estudos.

Semanalmente haberá unha **reunión de coordinación** do departamento, co obxectivo de planificar a intervención semanal.

Os apoios das especialistas de PT e AL será específico e individualizado e utilizarán preferiblemente aula virtual e videoconferencia.

d) Realizar tarefas de desinfección profundas no centro a través do Concello.

e) Revisar o protocolo para atopar posibles erros e facer as modificacións que se consideren oportunas.

f) Coordinar co profesorado implicado a organización das fases.

## **MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade. Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

### **Fase 1. Adecuación dos espazos**

Duración: (1 semana) Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

#### Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Desinfección de todos os espazos
- Revisión do plan de adaptación buscando posibles erros na redacción ou na execución (recreos, distribución de aulas...)

### **Fase 2. Formación de pequenos grupos**

Duración: (1 semana) A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 50 % nos grupos de 10 ou menos alumnos-as e do 30 % en grupos de máis de 10 alumnos-as.

#### Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Combinar o ensino presencial co ensino a distancia.
- Informar ao alumnado das novas normas.
- Avaliar o período do ensino a distancia (telemático).

### **Fase 3. Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos**

Duración: (1 semana) A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100 % no caso de grupos de 10 ou menos alumnos-as e do 60% en grupos de máis de 10 alumnos-as.

Obxectivos:

- Comprobar a adquisición das medidas adquiridas en pequeno grupo.
- Empregar o ensino presencial para resolver dúbidas e poñer en práctica os contidos expostos na aula virtual.

### **Fase 4. Fase de reactivación**

Duración: (3 períodos lectivos)

Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado.

Obxectivos:

- Realizar unha avaliación do desenvolvemento das fases por se fixeran falta modificacións.
- Volver á dinámica de clases presenciais, pero continuando co emprego da aula virtual como complemento.

## ANEXO I

### PLANIFICACIÓN HORARIA DA ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

#### 4º/5º EDUCACIÓN INFANTIL

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:45-9:35	ATENCIÓN FAMILIAS	ATENCIÓN FAMILIAS	ATENCIÓN FAMILIAS	ATENCIÓN FAMILIAS	ATENCIÓN FAMILIAS (Envío plan seguimiento semanal)
9:35-10:25		PELO		DOCENCIA VIRTUAL	PSICO
10:25-11:15	DOCENCIA VIRTUAL		DOCENCIA VIRTUAL		MÚSICA
11:15-12:05	RECREO/HORA DE LER				
12:05-12:55		DOCENCIA VIRTUAL			DOCENCIA VIRTUAL
12:55-13:45			REL/VAL	INGLÉS	TITORÍA ALUMNADO
16:00- 17:00		TITORÍA FAMILIAS			

DOCENCIA VIRTUAL: VIDEOCONFERENCIA/AULAVIRTUAL.

## 6º EDUCACIÓN INFANTIL

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:45-9:35	ATENCIÓN FAMILIAS	ATENCIÓN FAMILIAS	ATENCIÓN FAMILIAS	ATENCIÓN FAMILIAS	ATENCIÓN FAMILIAS (Envío plan seguimiento semanal)
9:40-10:25	PSICO		DOCENCIA VIRTUAL	PELO	INGLÉS
10:25-11:15	DOCENCIA VIRTUAL				
11:15-12:05	RECREO/HORA DE LER				
12:05-12:55		DOCENCIA VIRTUAL		MÚSICA	DOCENCIA VIRTUAL
12:55-13:45	REL/VAL			DOCENCIA VIRTUAL	TITORÍA ALUMNADO
16:00- 17:00		TITORÍA FAMILIAS			

DOCENCIA VIRTUAL: VIDEOCONFERENCIA/AULAVIRTUAL



## 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:45-9:35	ATENCIÓN FAMILIAS	ATENCIÓN FAMILIAS	INGLÉS	LC APOIO PT	ATENCIÓN FAMILIAS (Envío plan seguimento semanal)
9:35-10:25	REL/VAL	LC	ATENCIÓN FAMILIAS	ATENCIÓN FAMILIAS	MT
10:25-11:15	MT		LG	LG APOIO AL	
11:15-12:05	<b>RECREO/HORA DE LER</b>				
12:05-12:55	EF	CN			PLÁSTICA
12:55-13:45			CS		MÚSICA
16:00- 17:00		TITORÍA FAMILIAS			

DOCENCIA VIRTUAL: VIDEOCONFERENCIA/AULAVIRTUAL (30 min, 60% da sesión de cada materia).

TI - TRABAJO INDIVIDUAL ( 20 min, 40% da sesión de cada materia).

TITORÍA ALUMNADO (20 min. luns, mércores e venres en momentos de traballo individual).

## 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:45-9:35	ATENCIÓN FAMILIAS	ATENCIÓN FAMILIAS	ATENCIÓN FAMILIAS	ATENCIÓN FAMILIAS	ATENCIÓN FAMILIAS (Envío plan de seguimiento semanal)
9:35-10:25	LC		LC	CS	CN
10:25-11:15	EF	MT			
11:15-12:05	<b>RECREO/HORA DE LER</b>				
12:05-12:55	MT			LG APOIO AL	MÚSICA
12:55-13:45	REL/VAL	LG	MT APOIO PT	INGLÉS	PLÁSTICA
16:00- 17:00		TITORÍA FAMILIAS			

DOCENCIA VIRTUAL: VIDEOCONFERENCIA/AULAVIRTUAL (30 min, 60% da sesión de cada materia).

TI - TRABALLO INDIVIDUAL ( 20 min, 40% da sesión de cada materia).

TITORÍA ALUMNADO (20 min. luns, mércores e venres en momentos de traballo individual).

### 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:45-9:35	MT APOIO PT	MT	MT	MT	LG APOIO PT
9:35-10:25	INGLÉS	LC	INGLÉS	LC	CS APOIO AL
10:25-11:15	LC	EF	REL/VAL	EF	CN
11:15-12:05	<b>RECREO/HORA DE LER</b>				
12:05-12:55	LG	LG	LC	LG	INGLÉS
12:55-13:45	CS	CS	MÚSICA	CN	PLÁSTICA
16:00- 17:00		TUTORÍA FAMILIAS			

DOCENCIA VIRTUAL: VIDEOCONFERENCIA/AULAVIRTUAL (30 min, 60% da sesión de cada materia).

TI - TRABALLO INDIVIDUAL ( 20 min, 40% da sesión de cada materia).

TUTORÍA ALUMNADO (20 min. luns, mércores e venres en momentos de traballo individual).

### 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:45-9:35	MT	MÚSICA	LC	INGLÉS	LC APOIO AL
9:35-10:25	MT APOIO PT	LG	REL/VAL	MT	LG
10:25-11:15	CS	LG APOIO AL	LC APOIO PT	MT	INGLÉS
11:15-12:05	<b>RECREO/HORA DE LER</b>				
12:05-12:55	CN	CS	EF	LG	Afondamento/Reforz o LINGUAS
12:55-13:45	EF	INGLÉS	CN	LC	PLÁSTICA
16:00- 17:00		TUTORÍA FAMILIAS			

DOCENCIA VIRTUAL: VIDEOCONFERENCIA/AULAVIRTUAL (30 min, 60% da sesión de cada materia).

TI - TRABALLO INDIVIDUAL ( 20 min, 40% da sesión de cada materia).

TUTORÍA ALUMNADO (20 min. luns, mércores e venres en momentos de traballo individual).

## 5º EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:45-9:35	LC	INGLÉS	MT	LC APOIO AL	INGLÉS
9:35-10:25	CN	MT	LG	MT	MT
10:25-11:15	REL/VAL	LC APOIO PT	EF	LG APOIO PT	LC
11:15-12:05	<b>RECREO/HORA DE LER</b>				
12:05-12:55	MÚSICA	LG	CN	CS	LG APOIO AL
12:55-13:45	MT	CS	INGLÉS	PLÁSTICA	EF
16:00- 17:00		TUTORÍA FAMILIAS			

DOCENCIA VIRTUAL: VIDEOCONFERENCIA/AULAVIRTUAL (30 min, 60% da sesión de cada materia).

TI - TRABALLO INDIVIDUAL ( 20 min, 40% da sesión de cada materia).

TUTORÍA ALUMNADO (20 min. luns, mércores e venres en momentos de traballo individual)

## 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
8:45-9:35	INGLÉS	MT APOIO AL	VAL/REL	LC	MT
9:35-10:25	CS	MT	LG	INGLÉS	MT
10:25-11:15	LG APOIO PT	CN	CS	MÚSICA	LC APOIO AL
11:15-12:05	<b>RECREO/HORA DE LER</b>				
12:05-12:55	LC	INGLÉS	Afondamento/Reforz o INGLÉS	MT APOIO PT	EF
12:55-13:45	CN	CS	EF	LG	PLÁSTICA
16:00- 17:00		TUTORÍA FAMILIAS			

DOCENCIA VIRTUAL: VIDEOCONFERENCIA/AULAVIRTUAL (30 min, 60% da sesión de cada materia).

TI - TRABALLO INDIVIDUAL ( 20 min, 40% da sesión de cada materia).

TUTORÍA ALUMNADO (20 min. luns, mércores e venres en momentos de traballo individual).

O presente Plan de Continxencia á situación COVID do CEIP Santiago de Oliveira para o curso académico 2021/2022, foi aprobado pola directora, enviado ao membros do Claustro e Consello Escolar o 4 de outubro de 2021 e presentado en reunión ao Claustro e Consello Escolar do CEIP Santiago de Oliveira na reunión que se celebrou o día 5 de outubro do 2021, do que como Secretaria dou fe.